# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCIÓN INDUSTRIAL

## Agosto 2024

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2024

**Instituto Galego de Estatística**
**Complexo Administrativo San Lázaro s/n**
**15703 Santiago de Compostela (A Coruña)**
**Contacto: http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?**
**Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)**
**FAX: 981.54.13.23**
**Páxina Web : http://www.ige.eu**

# Índice de produción industrial (IPI). Agosto 2024

- O Índice de produción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en agosto de 2024 un crecemento do 0,3% con respecto a agosto de 2023; en España o índice diminuíu o 3,5%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos os bens de consumo medraron un 6,2% e os bens de equipo un 2,6% mentres que os bens intermedios baixaron un 1,4%. Pola súa parte, a enerxía diminuíu un 9,2%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden a: fabricación de bebidas" que achega 1,4 puntos, a "confección de roupa de vestir" que suma 0,9 puntos e a "reparación e instalación de maquinaria e equipamento" que engade 0,7 puntos a taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas, as principais foron: a "produción de enerxía eléctrica" que resta 2,3 puntos, a "fabricación doutros produtos minerais non metálicos" que detrae 0,9 puntos e a "industria da alimentación" que resta 0,5 puntos a taxa interanual.

## Índice de produción industrial (IPI). Agosto 2024

**Taxa de variación do índice xeral e achegas dos compoñentes en %**




| | Índice | VARIACIÓNS (%) | |
|---|---|---|---|
| | | Interanual | No que vai de ano |
| **Xeral** | 77,1 | 0,3 | 1,9 |
| **Bens de consumo** | 105,5 | 6,2 | 5,9 |
| **Bens de equipo** | 73,8 | 2,6 | -3,5 |
| **Bens intermedios** | 64,8 | -1,4 | -1,4 |
| **Enerxía** | 66,0 | -9,2 | 8,6 |

## 1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) de Galicia rexistrou en agosto de 2024 un crecemento do 0,3% con respecto a agosto de 2023; en España o índice diminuíu o 3,5%.

Por destino económico dos bens, a influenza dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 6,2%, e suman 1,8 puntos a taxa interanual.
- Os **bens de equipo** aumentan o 2,6%, o que engade 0,7 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** rexistran unha taxa do -1,4%, cunha repercusión de -0,3 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que baixa un 9,2% e resta 2,0 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

## 2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen na variación interanual do índice xeral.

Atendendo ás distintas ramas industriais, o incremento interanual do 0,3% en agosto débese principalmente á contribución positiva (5,2 puntos) de trece ramas; as principais foron: a "fabricación de bebidas" que achega 1,4 puntos, a "confección de roupa de vestir" que suma 0,9 puntos e a "reparación e instalación de maquinaria e equipamento" que engade 0,7 puntos a taxa interanual.

No que respecta ás repercusións negativas (-4,9 puntos) de trece ramas, as principais foron: a "produción de enerxía eléctrica" que resta 2,3 puntos, a "fabricación doutros produtos minerais non metálicos" que detrae 0,9 puntos e a "industria da alimentación" que resta 0,5 puntos a taxa interanual.

## 3. Índices por comunidades autónomas

O IPI aumentou en cinco Comunidades Autónomas neste mes de agosto. Os maiores incrementos rexistráronse en Castilla y León (9,0%) e La Rioja (8,0%). As maiores caídas rexístranse en Cataluña (-8,4%) e Andalucía (-7,7%).

**IPI agosto 2024**

Taxas de variación en %




No que vai de ano, o índice aumenta en oito comunidades autónomas. Os maiores crecementos rexístranse en Castilla y León (5,4%), Cataluña (3,8%) e Canarias (3,3%).

## 4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.

IPI. Taxas de variación interanual (%). Ciclo-tendencia




## Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influenza dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a aproximadamente 11.500 establecementos en España.

# Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Agosto 2024

| | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | | REPERCUSIÓNS (%) | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| **Galicia** | | | | | |
| Xeral | 77,1 | 0,3 | 1,9 | -- | -- |
| Bens de consumo | 105,5 | 6,2 | 5,9 | 1,8 | 1,4 |
| Bens de equipo | 73,8 | 2,6 | -3,5 | 0,7 | -1,1 |
| Bens intermedios | 64,8 | -1,4 | -1,4 | -0,3 | -0,3 |
| Enerxía | 66,0 | -9,2 | 8,6 | -2,0 | 1,9 |
| **España** | | | | | |
| Xeral | 78,8 | -3,5 | 0,4 | -- | -- |
| Bens de consumo | 83,3 | -4,3 | 2,2 | -1,2 | 0,6 |
| Bens de equipo | 65,5 | -7,8 | -0,4 | -1,5 | -0,1 |
| Bens intermedios | 69,8 | -1,2 | 1,0 | -0,4 | 0,3 |
| Enerxía | 104,4 | -1,9 | -1,7 | -0,5 | -0,3 |

Fonte:INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Agosto 2024

| Ramas | VARIACIÓNS (%) | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Interanual | Repercusión | No que vai de ano | Repercusión | Ponderacións |
| **Total** | **0,3** | | **1,9** | | |
| Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado | -14,1 | -2,3 | 7,3 | 1,4 | 19,4 |
| Fabricación doutros produtos minerais non metálicos | -25,0 | -0,9 | -13,5 | -0,5 | 3,2 |
| Industria da alimentación | -2,9 | -0,5 | 1,6 | 0,2 | 14,9 |
| Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento | -3,3 | -0,3 | -2,4 | -0,2 | 8,6 |
| Industria téxtil | -33,0 | -0,2 | -14,7 | -0,1 | 0,8 |
| Outras industrias manufactureiras | -21,6 | -0,2 | 7,3 | 0,0 | 0,7 |
| Fabricación doutro material de transporte | -8,8 | -0,2 | 11,3 | 0,2 | 1,9 |
| Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos | -19,5 | -0,1 | -3,0 | 0,0 | 0,8 |
| Industria química | -3,7 | -0,1 | -4,9 | -0,1 | 1,9 |
| Artes gráficas e reprodución de soportes gravados | -2,7 | 0,0 | -18,5 | -0,1 | 1,0 |
| Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría | 0,1 | 0,0 | 0,2 | 0,0 | 4,6 |
| Fabricación de material e equipamento eléctrico | 13,6 | 0,1 | 3,9 | 0,0 | 0,5 |
| Fabricación de produtos de caucho e plásticos | 7,2 | 0,1 | 0,0 | 0,0 | 2,3 |
| Outras industrias extractivas | 9,4 | 0,1 | 10,1 | 0,1 | 1,1 |
| Fabricación de mobles | 10,8 | 0,2 | 1,9 | 0,0 | 1,3 |
| Industria do papel | 23,6 | 0,3 | 15,0 | 0,2 | 1,2 |
| Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaliaxes | 11,6 | 0,3 | 1,1 | 0,0 | 5,1 |
| Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques | 3,4 | 0,4 | -11,0 | -1,7 | 13,3 |
| Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n. | 14,2 | 0,4 | 11,8 | 0,4 | 2,8 |
| Reparación e instalación de maquinaria e equipamento | 11,0 | 0,7 | 2,7 | 0,1 | 4,8 |
| Confección de roupa de vestir | 37,0 | 0,9 | 5,6 | 0,1 | 1,8 |
| Fabricación de bebidas | 23,3 | 1,4 | 17,2 | 0,8 | 3,8 |
| Industria do coiro e do calzado | * | * | * | * | * |
| Coquerías e refinación de petróleo | * | * | * | * | * |
| Fabricación de produtos farmacéuticos | * | * | * | * | * |
| Captación, depuración e distribución de auga | * | * | * | * | * |

Fonte:INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Agosto 2024

| CCAA | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | |
|---|---|---|---|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| **España** | **78,8** | **-3,5** | **0,4** |
| Galicia | 77,1 | 0,3 | 1,9 |
| Andalucía | 88,5 | -7,7 | -3,3 |
| Aragón | 81,1 | -3,0 | 0,7 |
| Asturias | 75,1 | -4,1 | -3,8 |
| Balears (Illes) | 111,8 | -3,2 | -6,6 |
| Canarias | 102,4 | -5,5 | 3,3 |
| Cantabria | 75,9 | -6,1 | -4,6 |
| Castilla - La Mancha | 91,1 | -2,9 | -0,8 |
| Castilla y León | 78,6 | 9,0 | 5,4 |
| Cataluña | 71,7 | -8,4 | 3,8 |
| Comunitat Valenciana | 74,6 | -2,2 | -2,8 |
| Extremadura | 121,4 | -5,0 | 1,8 |
| Madrid | 80,3 | -6,1 | -1,4 |
| Murcia | 87,4 | -6,1 | 0,5 |
| Navarra | 77,9 | 6,2 | 1,4 |
| País Vasco | 68,9 | 3,6 | -0,5 |
| Rioja (La) | 75,0 | 8,0 | -0,7 |

Fonte: INE